

**Madrygal.** Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

<http://dx.doi.org/10.5209/MADR.62641>



EDICIONES  
COMPLUTENSE

RODRÍGUEZ GUERRA, Alexandre (ed.) (2016): *Lingüística histórica e dialectoloxía: coordenadas do cambio lingüístico*. Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións (Monografías da Universidade de Vigo, Humanidades e Ciencias xurídico-sociais, 114), 330 pp.

O profesor Alexandre Rodríguez Guerra, do Dpto. de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo, edita nesta ocasión unha nova e importante achega aos ámbitos da lingüística histórica e da dialectoloxía do galego. Continúa, así, coa fecunda traxectoria doutras monografías recentes enfocadas nas mesmas disciplinas, como *Lingua, texto, diacronía. Estudos de lingüística histórica* (2014, eds. L. Eirín García e X. López Viñas), *Lingüística histórica e edición de textos galegos medievais* (2015, eds. R. Mariño Paz e X. Varela Barreiro), ou a recente *Fonética e fonoloxía históricas da Lingua Galega* (2017, R. Mariño Paz). Para alén dun primeiro capítulo de carácter introdutorio (“A variación lingüística no tempo e no espazo”, pp. [15]-52), a monografía abrangue as diferentes dimensións do cambio lingüístico: fonética, sintáctica e escriptolóxica (cap. II, pp. [55]-94), morfolóxica (cap. III, pp. [95]-194), léxica (cap. IV, pp. [195]-236) e ecdótica (cap. V, pp. [237]-298).

No capítulo I, reflexiónase primeiramente sobre a crise e mudanza de perspectiva da lingüística histórica románica, insistindo na necesaria e produtiva reorientación desta disciplina cara aos estudos de variación de pequenos grupos humanos en interacción. Xosé Luís Regueira ilustra no seu traballo este cambio de paradigma e de concepción do propio obxecto de estudo, “do sistema ás persoas”, a partir de certos fenómenos ou trazos diferenciais entre as diferentes variedades do galego e portugués faladas por grupos humanos concretos como a nasalización, a realización das vogais pretónicas ou o sistema de sibilantes. Pola súa parte, o traballo de Xulio Sousa reivindica a complementariedade da dialectoloxía tradicional, de orientación histórica, coa metodoloxía da xeografía lingüística moderna á hora de reconstruír unha visión cabal dos fenómenos de mudanza lingüística. Deste modo, fai un repaso

á evolución metodolóxica da análise xeolingüística e da significativa funcionalidade das ferramentas xeolectais ao noso dispor, desde os atlas lingüísticos tradicionais até os mapas de distintas sincronías, que permiten observar o cambio lingüístico quer en tempo real quer en tempo aparente (mapas multidimensionais).

O cambio fonético (e sintáctico) é obxecto de estudo nos traballos de Xosé-Henrique Costas e Eduardo Moscoso, incluídos no segundo capítulo desta monografía. No primeiro caso, abórdase a presenza do antigo son africado prepalatal sonoro [dʒ] (ex. *mondzi* ‘monxa’) e a éncise pronominal tras participio con tempos compostos e perífrases (ex. “A palla *habian levádua* elas ao lombu”); dous fenómenos –fonético e sintáctico– característicos das falas do val do río Ellas e de Xálima cuxo estudo contribúe ao mellor coñecemento da evolución e interferencia dos diferentes sistemas sibilantes e da sintaxe pronominal nas diferentes variedades lingüísticas galego-portuguesas. Pola súa parte, o traballo de Eduardo Moscoso explora a posíbel distribución dialectal do ditongo [oj] (< lat. -ŪLT-, -ŪKT-, -ŎKT-, -ŎRĪ-, -ŎRĪ-, -ŎI-) no galego-portugués antigo, a través dunha selección de diferentes coleccións diplomáticas tiradas do TMILG e en confronto coa ben coñecida distribución actual (a partir dos mapas incluídos no terceiro volume do *ALGa*). O segundo capítulo da monografía finaliza cun contributo da autoría de Xulián Maure Rivas en que retoma algúns dos seus traballos anteriores (principalmente sobre as grafías <ñ>, <ll>, <nh> e <lh> na documentación galega medieval) e discute a utilidade dos estudos escriptolóxicos á hora de facer seguimento e escolla das diferentes alternativas ortográficas no galego actual.

O cambio morfolóxico ocupa o capítulo central –e máis homoxéneo– da monografía con cinco traballos centrados principalmente no ámbito verbal, mais tamén no nominal.

Neste último caso, o artigo de Rosario Álvarez ofrece unha completa análise do diminutivo en galego e portugués, nomeadamente a distribución das variantes *-iñ-*, *-ciñ-* e *-ziñ-* (lat. *-IN-US*, *-IN-A*, *-IN-UM*), co incremento consonántico /θ/ (galego) e /z/ (portugués), tendo en conta os contextos morfofonolóxicos e a difusión territorial actual, para alén da súa evolución histórica, tamén no plano gráfico. Polo que respecta ao eido verbal, o traballo de Manuel Ferreiro aborda a variación do pretérito dos verbos *aver*, *fazer*, *põer* e *querer* na lírica profana galego-portuguesa. No primeiro caso salienta as variantes *ou-* (*ouer*) e *o-* (monotongada: *oer*); doutra banda, estuda as variantes palatalizadas do tipo *fige*, *puge* e *quige*, as formas monosilábicas do tipo *fiz* e *fez* e a aparición da desinencia *-o* na P3 do pretéritos fortes (ex. *fezo*). Pola súa parte, o artigo de Ramón Mariño Paz estuda a evolución histórica do sufixo número-persoal latino da P5 do imperativo (*-TE*; > exs. *cantade* / *cantaa* / *cantai* / *cantá* / *cantande*; *collede* / *collei* / *collé*; *vinde* / *vijnde*), desde o latín e latín tardío até o galego medieval, o galego medio e o contemporáneo (neste último caso, tendo en conta os datos do *ALGa*, das gramáticas e propostas normativas, así como da tradición literaria). Continuando co sufixo verbal de P5 (*cantandes*, neste caso), Aquilino Santiago Alonso Núñez explora as diferentes posibilidades para xustificar a conformación desta variante con xeración de nasal a partir de ditongo, vinculada á variedade dialectal do concello verinense de Castrelo do Val. Finaliza este terceiro bloque morfolóxico cunha panorámica xeral do sistema verbal galego, da autoría de Francisco Fernández Rei, en que se alude á xestación do volume fundacional do *Atlas Lingüístico Galego* (1990) e á súa transcendencia para a codificación verbal da normativa vixente.

O cuarto capítulo da monografía, dedicado ao cambio léxico, ofrécenos dous traballos complementarios na dimensión románica e galega. No primeiro deles, Manuel González González explora, partindo dos presupostos da dialectoloxía motivacional, as distintas denominacións nas linguas románicas da *Centaurea cyanus* (planta coñecida habitualmente, entre outros nomes, como aciano ou, en portugués europeo, centáurea), atendendo a diferentes factores como a súa cor e morfoloxía, o medio onde crece, o seu aproveitamento terapéutico ou o parecido con outras plantas semellantes. Pola súa parte, Xavier Varela Barreiro estuda as formas *pulpo* e *polbo* no galego, a través do rexistro exhaustivo das dúas variantes en época medieval, moderna

e contemporánea, abordando así o discutido carácter patrimonial da variante *-fonética-* *pulpo* e propondo a súa reconsideración no *DRAG* como parte do conxunto de pares léxicos con distinto grao de preferencialidade (neste caso, como forma menos recomendábel que *polbo*).

O último capítulo da monografía contén dous traballos que fornecen importante información relativa á lingüística histórica e á dialectoloxía mais desde a perspectiva da ecdótica e da edición textual. O artigo de Xosé Manuel Sánchez Rei reivindica como fonte valiosa de información sobre o galego popular da época a importancia do cancionero tradicional do séc. XIX, nomeadamente os cancioneros oitocentistas de Saco Arce e Pérez de Ballesteros, cuxo labor compilatorio é salientado pola súa vasteza, o rigor e fidelidade ao material oral que reflicten, a glosa e localización xeográfica dunha gran parte das pezas recollidas e o protagonismo feminino na cadea de conservación e transmisión de todo ese acervo lírico tradicional. Finalmente, o contributo de José António Souto Cabo permite reconstruír a tradición textual que derivou na coñecida como *Crónica dos ministros gerais da Ordem dos Fraires Menores*, versión portuguesa (1470) da *Chronica XXIV generalium Ordinis Minorum* (ca. 1375) cuxa tradución non sería directa a través dun modelo castelán hoxe descoñecido, mais a partir dunha versión galega interposta elaborada no ámbito franciscano coruñés da segunda metade do séc. XV (1465).

En definitiva, *Lingüística histórica e dialectoloxía: coordenadas do cambio lingüístico* é unha escolma de estudos imprescindíbel para o avance no coñecemento non só das mudanzas lingüísticas en marcha hoxe e na historia da nosa lingua, mais tamén do contexto cultural e sociolingüístico en que tiveron lugar. Contribúe tamén esta obra a complementar, desde o ámbito da publicación académica, a difusión e o intercambio científico promovidos desde os proxectos de investigación en andamento (como o de *Gramática Histórica da Lingua Galega*), os corpus e plataformas integradoras de recursos (como o CGPA ou o RILG), ou os diferentes encontros científicos e eventos especializados (pensemos, por exemplo, nos Coloquios de Lingüística Histórica, os simposios do Instituto da Lingua Galega vinculados ás disciplinas en foco ou as diferentes edicións do Congreso Internacional de Lingüística Histórica).

Ricardo Pichel  
 Universidad de Alcalá  
 ripichel@gmail.com